

3º ACTA DO TRIBUNAL

Proceso selectivo da praza dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico Administración xeral para secretaria pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior

No Auditorio Municipal do Concello de Rianxo, sendo as 09:00 horas do día 19 de decembro de 2022, reúnese o Tribunal cualificador que avaliará o proceso selectivo.

Preside a sesión Patricia Fernández Pérez, persoal funcionaria do concello,
e asisten como vogais os seguintes funcionarios :

1º vogal: Eleuterio Pena Lamas

2º vogal: María Teresa Cid Poza

3º vogal: Juan Francisco González Framil

Secretaria-Vogal: Patricia Sánchez Castelo

1. Por acordo de Xunta de Goberno de data 01/09/2022 procédese á aprobación e convocatoria das Bases de selección dun funcionario/a de carreira nunha praza de Técnico Administración xeral para Secretaría pertencente á Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, Clase Técnico Superior, incluída na oferta de Emprego Público do Concello de Rianxo para o ano 2019 publicadas no Bop 8 de setembro de 2022 num171

2. Primeira sesión do proceso selectivo realizouse o 25/11/2022.

3. Vistas as actas nº1 25/11/2022 e nº2 15/12/2022 a presidenta do tribunal dá conta do establecido na base 9.2.2 do proceso, relativa ao segundo exercicio.

Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período de tres horas, dous temas elixidos polo aspirante de entre tres temas determinados polo Tribunal entre os comprendidos no programa anexo.

O Tribunal poderá acordar a lectura por parte dos aspirante dos exercicios, así como conversar cos mesmos sobre as materias obxecto dos mesmos, e pedirlle explicacións complementarias sobre o contido do tema desenrolado.

Neste exercicio valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas e a capacidade expositiva, a adecuada aplicación da normativa vixente, así como a sistemática, o plantexamento e formulación de conclusións.

O Tribunal non poderá valorar a exposición daqueles opositores que deixaran sen desenvolver en absoluto algún dos temas. A cualificación global deste exercicio será de 0 a 10 puntos. Cada tema

cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos en cada un dos temas para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non a obteñan. Posteriormente efectuarase a media entre ambos, que será a puntuación da proba. A cualificación deste exercicio efectuarase con tres decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar a puntuación mínima.

4. A continuación os membros do tribunal pasan a confeccionar o exercicio, cada membro do tribunal achega unha relación de dous temas.

Estes eran: 30,39,43,57,64,67,71,80,83,88

Utilizando un sistema de sorteo escollense ao azar 3 temas do anexo o I das bases.

Resultando estes ser 57,64,88

Unha vez elaborado o exercicio coas instrucións procede imprimirse o exame .

Adxúntase a esta acta como copia do exame.(Anexo 1)

4. Ás 10:05 realízase o control de asistencia, comparecendo:

ZAPATA MACEIRAS ALEJANDRA
CASTELAO FERREIRO BEGOÑA
FERNÁNDEZ ARMESTO MIGUEL SANTIAGO
GARCÍA AGRELO ROSA ISABEL
MARIÑO LAÍÑO SILVIA
OTERO SOÑORA CARLA
REBOREDO FRAGA VANESA
RODRÍGUEZ VAAMONDE MARÍA

5. A presidenta do tribunal as 10:08 lee as instrucións do exercicio .

O exercicio comeza as 10:16 tendo tres horas para a súa elaboración , rematando ás 13:16 horas.

6. O tribunal acorda que o terceiro exercizo non se realizará antes do 20 de xaneiro 2023.

Levántase a sesión ás 13:46 horas.

Asina a Secretaria e Presidenta

Anexo I

SEGUNDO EXERCICIO

Insertar Pegatina

PROCESO SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO/A DE CARREIRA PRAZA DE TÉCNICO
ADMINISTRACIÓN XERAL PARA SECRETARIA

INSTRUCCIÓN:

1) A proba consiste en desenvolver por escrito, durante un período de **tres horas, dous temas** elixidos polo aspirante de entre tres temas determinados polo Tribunal entre os comprendidos no programa publicado no Bop 8 setembro de 2022

2) Deberá escribir o seu nome e apelidos, DNI e insertar unha pegatina na folla adxunta que deberá meterse no sobre pequeno

A outra pegatina deberá insertala neste folio no que deberá comezar a escribir o exercicio .

No exercicio non poderá asinarse , nin figurar nomes, sinatura ,marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor .

Rematado o exercicio deberá insertar o sobre pequeno pechado dentro dun sobre mais grande co exercicio no que deberá numerar todas as páxinas e pechalo diante do tribunal antes da súa entrega.

4) Neste exercicio valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas e a capacidade expositiva, adecuada aplicación da normativa vixente, así como a sistemática, o plantexamento e formulación de conclusións. O exame deberá ser lexible para o Tribunal.

5) Non poderá valorarse a exposición daqueles exercicios que deixaran sen desenvolver en absoluto algún dos temas.

6) A cualificación global deste exercicio será de 0 a 10 puntos. Cada tema cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 5 puntos en cada un dos temas para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan. Posteriormente efectuarase a media entre ambos, que será a puntuación da proba. A cualificación deste exercicio efectuarase con tres decimais.

TEMA 57: As competencias municipais: sistemas de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. Os servicios mínimos.

TEMA 64: A fase de control do goberno municipal nas sesións. A moción de censura e a cuestión de confianza no ámbito local.

TEMA 88: A inspección urbanística, competencias. Protección da legalidade urbanística. Obras sen a preceptiva autorización administrativa ou contrarias ás súas condicións. A restauración da legalidade urbanística. Infraccións e sancións urbanísticas. Órganos competentes.



Concello de Rianxo
Praza Castelao 1, 15920 Rianxo
Tel. 981 86 00 75 **Fax** 981 86 66 28
rianxo.gal **concelloderianxo.gal**